



## BANDO INFORMATIVO

### DESPRAZAMENTO DE AGRICULTORES E VITICULTORES AOS EFECTOS DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES AGRARIAS

En relación coa *Orde de 27 de abril de 2020, pola que se modifica a Orde de 23 de marzo de 2020 pola que se adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19, en cumprimento do acordo do CECOP, de 18 de marzo, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores a efectos da realización de actividades agrarias*, esta Alcaldía

### INFORMA

Que a Consellería de Medio Rural ven de acordar, para toda Galicia, que **as persoas que cultiven para autoconsumo poderán desprazarse o necesario para o mantemento dos seus cultivos e viñedos**, atendendo as seguintes indicacións:

- O desprazamento debe efectuarse **dentro do mesmo termo municipal**, ou **non supor máis de 5km da súa vivenda habitual**, se se efectúa a **outro termo municipal**.
- Na leira só poderá haber **dúas persoas como máximo**, e mantendo sempre as medidas e protocolos de seguridade e prevención.
- Deberán portar unha **declaración responsable** na que **consten as leiras nas que realizan os cultivos con identificación da parcela**, os tipos de cultivos que levan (se son ecolóxicos: a declaración de que non se empregan tratamentos fitosanitarios e non posúe o carné de aplicador/manipulador destes produtos) e a **afirmación de que leva desprazándose, regularmente, ás leiras citadas durante o último ano para realizar actividades agrarias de autoconsumo**.

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 28 de abril de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.

